BASES DA CONVOCATORIA "LEGONADAL 2022-23"

1.- CONTIDO

A Concellería de Servicios Sociais, organiza o "Legonadal 2022/2023" coa finalidade de proporcionar actividades de carácter educativo e lúdico así como facilitar á conciliación da vida laboral e persoal.

2.- NÚMERO DE PRAZAS:

O número de prazas coas que conta o "Legonadal 2022/2023" é de 70.

3.- PERSOAS DESTINATARIAS

3.1-Poderán solicitar a súa participación no "Legonadal 2022/2023" os nenos e nenas nados entre os anos 2009 e 2019 que estean empadroados en Sarria. O empadroamento será comprobado polo Concello de Sarria ou ben matriculad@s nalgunho dos centros educativos de dito concello.
.
3.2- As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria sempre que teñan capacidade de integración nun grupo e que as súas necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver, o que deberá ser acreditado mediante informe médico, educativo ou social.

4.- LUGAR DE CELEBRACIÓN

O "Legonadal 2022/2023" desenvolverase no C.E.I.P.Frei Luis de Granada.

5.- DATAS E HORARIOS

O "Legonadal 2022/2023" desenvolverase do 23 de decembro de 2022 ata o 5 de xaneiro de 2023 (Ambos os dous incluidos) de luns a venres en horario de: de 7:30 a 15:30, e dividirase nos seguintes servicios:

| | Luns | Martes | Mércoles | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|
| 7:30-9:30 | Madrugadores | Madrugadores | Madrugadores | Madrugadores | Madrugadores |
| 9:30-14:00 | Legoteca | Legoteca | Legoteca | Legoteca | Legoteca |
| 14:00-15.30 | Tardes do cole | Tardes do cole | Tardes do cole | Tardes do cole | Tardes do cole |

- Madrugadores: Horario de entrada libre, garda e custodia.
- Legoteca: Ludoteca baixo programación.
- AS tardes do cole: Tupper, garda e custodia

Non se admitirán solicitudes de inscrición por un prazo inferior a duración do servicio.

6.- INSCRICIÓNS

O prazo para presentar as solicitudes comezará o día 16 de decembro e rematará o día 19 de decembro as 9.30 da mañá.

As solicitudes poderán ser presentadas na secretaria da EEI Xela Arias, do CEIP Frei Luis de Granada, do CEIP Antonio Fernández López (de luns a venres no seu horario de atenciónó público) a través do AMPA a Merced, ou no servicio de conciliación , Sarria concilia curso escolar. Sempre en sobre pechado.

7.- PREZO

Os prezos públicos para a “Ludoteca de Nadal ” foron aprobados polo Pleno do Concello de Sarria previo ditamen da Comisión Especial de Contas, de conformidade co establecido na Ordenanza Xeralde Prezos Públicos, e publicados no Boletín Oficial da provincia de Lugo 2014.

***O PAGO REALIZARÁSE EN FORMA DE INGRESO, O TRANFERENCIA BANCARIA Á SEGUINTE CONTA, PERTENECENTE O CONCELLO DE SARRIA:***

***A BANCA:***

***ES1120800143313110000063***

- AS CUANTIAS A INGRESAR SON AS SEGUINTES:

| | NADAL |
|---|---|
| MADRUGADORES | 8,86 EUROS |
| AS TARDES DO COLE | 8,86 EUROS |
| LEGOTECA | 8,86 EUROS |

1 Actividade: 8,86 EUROS

2 Actividades: 17,72 EUROS

3 Actividades: 26,58 EUROS

***NO CONCEPTO INDICARASE O NOME E APELIDOS D@ PROXENITOR@ E O NOME DO SERVIZO:***

**EXEMPLO:**

EDUARDO LÓPEZ LÓPEZ, CONCILIACIÓN.

## 8.- SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscricións, adxudicaranse as prazas segundo o seguinte baremo, no caso de existir maior demanda que oferta:

8.1- Valorarase con 8 puntos cando concorran algunha das circunstancias que se sinalan a continuación:

a) Menores empadroados/as en Sarria cuxos proxenitores (ámbolos dous) ou titores legais se atopen nalgunha das seguintes situacións:

1. Estean en situación laboral activa.

2. Que realicen un curso de formación de forma presencial e durante o período de realización da ludoteca, a través dunha universidade, organismo ou sindicato

3. Que teñan persoas dependentes a cargo

8.2- Valorarase con 4 punto cando soamente un proxenitor/a estea nas situacións previstas nos punto 8.1.a)

8.3- Menores pertencentes a familias de especial vulnerabilidade, sempre e cando veñan derivados dende os servicios sociais concello, tendrán dereito a praza ( 10% das prazas por dito motivo, 7 prazas)

## 9.-CRITERIO DE SELECCIÓN EN CASO DE EMPATE

No caso de que se produzan empates, as prazas serán adxudicadas por sorteo.

## 10.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A INSCRICIÓN

**Solicitude de inscrición ( As familias que non foron participantes con anterioridade nos programas de Sarriaconcilia) :**

Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude

Fotocopia do Libro de Familia ou DNI dos/as menores
Fotocopia da Tarxeta Sanitaria

**Tod@s:**

Se os/as proxenitores/titores traballan:

 Traballadores/as por conta allea: certificado de empresa, certificado de vida laboral ou fotocopia da nómina do mes de outubro (só un deles).

Se os/as proxenitores/titores traballan:

 Traballadores/as por conta allea: certificado de empresa, certificado de vida laboral ou fotocopia da nómina do mes de outubro (só un deles).

 Traballadores/as autónomos/as: certificado de vida laboral do mes de outubro, copia do resgardo do pago do seguro social de réxime especial de traballadores autónomos (RETA) do mes de novembro, copia do resgardo de pago da mutualidade profesional.

11.- PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso de selección será o seguinte:

✔ Baremación das solicitudes e documentación segundo o previsto nos punto nº 8 e 9 de estas
Bases.

✔ Publicación dunha listaxe provisional de admitidos/as coas puntuacións acadadas o día 19 de decembro, no taboleiro de anuncios das instalaciones de Sarria concilia, situadas no C.E.I.P.Frei Luis de Granada.

✔ Emendar erros e/ou falta de documentación, presentación de reclamacións ou presentación de renuncias: do 19 de decembro ao 20 de decembro.

✔ Publicación da listaxe definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda cos/as solicitantes excluídos que seguirá a orde que resulte da baremación: o día 20 de decembro no taboleiro de anuncios das Instalaciones de Sarria concilia, situadas no C.E.I.P.Frei Luis de Granada.

En función das baixas que se produzan na actividade os nenos/as accederán ao campamento seguindo a orden na que figure na lista o que será debidamente notificado por teléfono e/ou correo electrónico.

✔ Confirmación da praza co pago da matrícula: ata o día 22 de decembro. Previamente primeiro dia da actividade entregarase a carta de pagamento a unha das persoas responsables do servicio. No caso de non abonarse o importe no prazo sinalado entenderase como unha renuncia e a lista correrá segundo a orde que resulte da baremación.

12.- RENUNCIA DE PRAZA

As persoas solicitantes que, tras obter praza desexen renunciar a ela antes de ter realizado o ingreso da cota da matrícula, deberán comunicalo a través do rexistro do concello..

13.- DEVOLUCIÓN DO IMPORTE

Unha vez realizada a inscrición e o correspondente abono para participar na actividade, se o neno/a non acude, só procederá a devolución do importe ingresado cando exista unha causa debidamente xustificada
e se acredite con anterioridade ao inicio do campamento. En caso contrario non procederá a devolución do importe.

14.- ACTIVIDADES.

Al aceptar estas bases @s nen@s inscrit@s estarán autorizad@s á realización de todas as actividades levadas a cabo no LEGONADAL, así pois informarase as familias das mesmas o día da adxudicación das prazas.